

Memoria da casa, casa da memoria

Todo vén ser falar do fío que nos ata á terra natal, ó centro do que somos e sentimos. E , se o destino último do viaxeiro é a volta á casa -así o testemuñan as crónicas-, tamén aparece nos versos de Xosé Manuel Varela unha urxencia por lembrar a raíz, o alicerce máis firme do ser. É a súa unha *Casa vouga* que nos enfeitiza coa súa oquedade silandeira, cuberta de mofo e conservando as voces do pasado, a onde chegamos para resgatala do olvido e, con este exercicio de recuperación, recoñecérmonos como seres humanos. Só así pode entenderse o desexo de “*ter por pés unhas trabes de madeira*” que o poeta escribe desde a comunión máis íntima. Acubillo que resgarda da sombra, a casa é o horizonte último deste ser que, como Ulises, emprende a volta a Ítaca.

TERESA SEARA

In **VARELA, Xosé Manuel e CALVO, Miguel Anxo**, *Casa vouga*, Asociación Cultural Raigañas, Colec. Poesía, 1, Cerqueda-Malpica, 2003